

Acordo do 23 de maio de 2023 da Xefatura Territorial da Coruña, de suspensión do acto de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Cerceda (expediente IN408A 2018/27).

Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa (LEF), do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, e previa solicitude da entidade beneficiaria *Naturgy Renovables, SLU*, acordou sinalar os días 19, 20, 21, 26, 27 e 28 de xullo de 2023 para o levantamento das actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio para á ocupación das fincas afectadas pola construción da instalación denominada parque eólico Meirama, no concello de Cerceda. Para os efectos da realización deste acto e de acordo co disposto no antes mencionado artigo 52 (LEF), practicáronse notificacións individuais ás persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas.

Advertida a circunstancia de que non está concluída a tramitación do procedemento para o outorgamento da declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola mencionada instalación, esta xefatura territorial **ACORDA:**

Suspender o acto de levantamento das actas previas á ocupación previsto para os días 19, 20, 21, 26, 27 e 28 de xullo de 2023 e ordenar a notificación individual do presente acordo de suspensión a todas as persoas que tiñan sido convocadas para o dito acto nas datas sinaladas. Comunicando, igualmente, esta suspensión ao Concello de Cerceda.

Polo demais, de ser o caso e una vez cumpridos todos os trámites procedimentais preceptivos, poderá efectuarse una nova convocatoria para o acto de levantamento das actas previas á ocupación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica, asina o xefe territorial Isidoro Martínez Arca.

Xefatura Territorial
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
www.ceei.xunta.gal

